

O plan de ordenación do litoral como exemplo

A agresividade do españolismo do PP e do PSOE para coa Galiza no último ano

PUNTO DE PARTIDA. Despois das Eleccións Autonómicas do 2009, coa perda do goberno do bipartito, das convulsións internas no BNG e os resultados das eleccións Europeas, as dúas forzas de obediencia estatal, así como seus voceiros a voz en grito, diagnosticaron e decidiron que o nacionalismo galego estaba pouco menos que defunto, cando menos como forza actuante e con capacidade social e electoral.

O diagnóstico pode que non se sostivese demasiado, aínda que hai que recoñecer que as dificultades do nacionalismo foron obxectivas, non inventadas por ninguén. Mais claro, se un mira para o outro lado, verá con nitidez que as dificultades e convulsións do PSOE foron claramente máis grandes, e non por iso o deron por desaparecido ou a punto de desaparecer. Como sempre, a vara de medir non é a mesma para unha forza política do sistema que para outra, nomeadamente o nacionalismo galego

organizado no BNG, que lle resulta incómoda.

O ESPAÑOLISMO AO ATAQUE CONTRA A GALIZA. Feita esa análise política por parte do españolismo, esa suposición de que nacionalismo galego –de que o BNG– estaba na UVI, de que se desinflara a única ferramenta de defensa da Galiza, as consecuencias non se fixeron agardar. O PP e o PSOE procederon axiña ao deseño dun amplo plan para espoliar non a BNG, que xa o daban por amortizado, senón a Galiza, dos elementos que nos identifican e nos permiten sobrevivir como unha nación diferenciada. Planificaron toda unha batería de medidas a aplicar, con tanta intensidade, teimosía e saña que se a aplicasen na defensa do noso país, outro galo nos cantaríaa; desde logo uns esforzos dignos de metas máis elevadas. Actuaron como fomentos voitres necrófagos cando detectan unha prea real ou potencial, pelexando entre eles por

CÉSAR MOSQUEIRA LOURENZO

Tenente-Alcalde responsable de

Urbanismo no Concello de Pontevedra.

Portavoz do BNG na Deputación de Pontevedra



Difícilmente podemos os galegos sentirmonos reflectidos en proxectos importados a través das canles dos partidos foráneos e que se aplican no noso territorio sen a máis mínima consideración

levaren o protagonismo no desmantelamento dos piares da economía e da identidade nacional galega.

O mecanismo de posta en escena foi variado, mais case sempre foi unha carreira de propostas de acordos e pactos no que competían o PP e PSOE en levar a iniciativa pública naqueles asuntos nos que existían coincidencias ou acordos de fondo entre eles. Vexamos:

Estatuto: acordo de fondo do PP e do PSOE para elaborar un Estatuto de segunda. Proposta do PSOE de retomar os labores de redacción dun novo Estatuto deixando fóra ao nacionalismo.

Decreto da Lingua no Ensino: acordo entre o PP e PSOE con iniciativa neste caso do PP. Este acordo trataría de eliminar o suposto 'conflito' xerado polo Decreto do bipartito, renegando o PSOE da súa propia Consellaría, despois de intoxicar con que na perda das Eleccións moito tivera que ver este 'conflito' inventado e as concesións do PSOE ao BNG.

Financiamento autonómica: prexudicial para a Galiza. Proposta do PSOE, aceptada polo PP galego.

Expatriación das Caixas: acordo básico do PSOE e do PP, plasmado, a través da FROB e feito público nas declaracións dos uns e dos outros, sobre todo na política madrileña, para deslocalizar e expatriar o aforro galego.

Territorio: acordo entre o PP e o PSOE, competindo entre si por tomar a iniciativa do famoso 'Pacto polo Territorio', no que incluían a modifi-

cación da Lei urbanística, o Plan do Litoral e as Directrices de Ordenación do Territorio.

URXENCIA NOS ACORDOS. Todos estes acordos básicos, **porque houbo acordos explícitos plasmando en concreto as coincidencias de fondo**, fraguáronse nos primeiros meses do novo goberno da Xunta e en xullo-agosto 2009 xa estaban todos en marcha. Que o PP ía facer algo así xa se podía sospeitar, aínda que non na súa intensidade; o do PSOE ten máis delito, pois demostrou claramente que, se en algo avanzáramos no bipartito nas cuestións fundamentais para a Galiza, foi grazas á presenza do BNG. Faltoulles tempo aos 'socialistas' para renegaren a toda présa e aliárense co PP en contra do que sostiveran no bipartito, deixando claro que a súa política de fondo é igual de agresiva para este país que a do PP.

DENTRO DO BNG TAMÉN HOUBO ABANEOS. Comentario aparte merecerían os timoratismos –cando non desercións– que parte do nacionalismo organizado tivo ante esta vaga de agresións contra a Galiza e que se estaban a deseñar por parte do españolismo, e mesmo a influencia que esta actitude puido ter na percepción que os centros de decisión do españolismo captaron sobre cal ía ser a reacción do nacionalismo ante os ataques á Galiza que estaban a tramar. No da lingua, no das caixas e no do territorio, tanto na modificación da Lei como no Plan do Litoral, estes abaneos –aínda que minoritarios– chegaron a ser públicos e notorios. Mais deixémolo aquí, que non é este o obxecto do artigo... En todo caso, constatar que hai sectores do BNG que teñen pánico a facer política nacionalista e separarse do PSOE, mesmo cando este mostra a súa faciana máis centralista e antigalega.

A POLÍTICA NACIONALISTA MUDOU A SITUACIÓN. Mais a suposición de que o BNG estaba a piques de desaparecer da escena política galega



Praias de Cangas do Morrazo

e a súa capacidade estaba terriblemente minguada durou o que tardamos en facer política nacionalista de verdade. En canto definimos claramente a nosa posición sobre a lingua, sobre as caixas, sobre o territorio, sobre o financiamento, etc., as disputas das forzas españolistas por apareceren como abandeirados dos acordos aos que chegaran convertéronse en carreiras, en présas, a ver quen se desmarcaba canto antes deses acordos, sen importarlle as contradicións continuas nas que caían. Foron espectáculos políticos de altura, dignos de pagar unha entrada polo deleite que supuxeron, ver o Feijóo liberal e centralista, cambiando o seu discurso e votando unha Lei de Caixas intervencionista e defensora do marco galego, ou ver o Patxi a bailar o cancán co seu voto a tremendamente regresiva modificación da Lei urbanística que pactara e ben pactada co PP, entre outros episodios dignos de antoloxía.

UNHA AGRESIÓN BRUTAL: O PLAN DO LITORAL. Este marco xeral de actuación repítese nun aspecto do territorio máis descoñecido, aínda que da mesma importancia que os anteriores: o Plan de Ordenación do Litoral (POL). Como xa se dixo antes, foi obxecto dun acordo entre o PP e o PSOE dentro do famoso Pacto polo Territorio e elaborado, primeiro polo PSOE e, despois, co cambio de goberno na Xunta, polo PP, aínda que a versión final sexa do actual goberno da Xunta.

O Plan, elaborado pola Xunta de Galiza é unha terrible e descarnada exposición do deseño que ten o Partido Popular, coa asentimento do PSOE, para a nosa nación.

O PLAN DO LITORAL DESPROTEXE SALVAXEMENTE A NOSA COSTA.

Por se alguén pensa que as deficiencias do Plan do Litoral consisten no seu excesivo proteccionismo, a relación que vén a continuación dos seus contidos relativos aos aspectos que máis incidencia negativa teñen no noso litoral despexa calquera xénero de dúbidas:

Non impón ningunha limitación ao sector enerxético, especialmente da eólica. Propón a súa ampliación ilimitada en toda a costa.

Non ordena nin restrinxe para nada as instalacións de acuicultura, senón que avoga pola súa extensión na nosa costa.

Non limita as implantacións industriais existentes, algunha delas moi agresivas para o medio e non pon couto a implantacións futuras. Paradigmática é a defensa que fai de ENCE-ELNOSA, ALCOA, Térmica de Sabón, Refinería, Ferroatlántica...

Defende os recheos conflictivos (algúns con sentenzas firmes en contra), adoptando decisións aberrantes e contra natura, como pór como asentamentos tradicionais naves e instalacións de moi recente construción.

Non limita a implantación de infraestruturas, obviando o tremendo impacto que teñen moitas delas. As referencias están sempre deseñadas para



Desde hai un tempo, mesmo a raíz do enfrontamento de Chaves co Rei, hai unha ofensiva da simboloxía españolista sen pudor nuns termos que até hai uns anos nos parecerían improbables pola súa agresividade contra todo tipo de "identitarismo"

evitar a implantación de edificacións e instalacións, nunca infraestruturas.

Trata de consolidar a profunda alteración da capa vexetal do noso litoral, acelerando a substitución do bosque tradicional polo alóctono de eucaliptos. A consecuencia son as ridículas proteccións de bosque tradicional que se contemplan no documento, evitando as zonas que tradicionalmente tiveron fragas ou soutos.

Deixa sen protección amplas zonas de Dominio Público Marítimo Terrestre, utilizando subterfuxios para mantelas ocupado por actividades que deberían levantarse como moi tarde no 2018.

En todos os aspectos antes citados o POL é clara e extremadamente desproteccionista da nosa costa e do noso litoral, tratando, incluso, de salvar as limitacións que pon a Lei Estatal de Costas.

ESTÁ ELABORADO CON CRITERIOS LEVANTINOS, ALLEOS ABSOLUTAMENTE Á REALIDADE GALEGA. O POL utiliza conceptos e criterios alleos á realidade galega coas conseguintes disfuncións e solucións aberrantes:

A máis grave, a que máis resalta, é a 'Mellora Ambiental e Paisaxística'. Parte da hipótese de que no litoral galego existía unha franxa de territorio libre de edificación entre o borde do mar e os asentamentos tradicionais, afirmación que se podería soste en costa aberta mais radicalmente falsa nas Rías e na costa abrigada que sempre tiveron asentamentos a carón do

mar. Con este estraño criterio, chega á conclusión de que a totalidade de asentamentos como a Illa de Arousa, Cambados, O Grove, Raxó, Combarro, Moaña, Oia, Camposancos, Camariñas, entre outros moitos, deberan estar sempre libres de edificación. En definitiva, unha **auténtica falta de respecto**: vén a dicir que, como en case todo, os galegos nos enganamos cando nos asentamos hai moitos séculos á beira do mar.

Utiliza criterios levantinos cando dá unhas proteccións absolutamente desproporcionadas a calquera rego ou posíbel rego de auga; maior protección canto máis cativo sexa o curso de auga. Mentres carecen de protección ríos como o Ulla, o Lérez, Eume, Miño ou o Verdexo, hai regatos case inexistentes que chega a protexer medio quilómetro a cada beira do seu leito.

O POL ARRASA, SEN CAUSA XUSTIFICADA, MILLEIROS DE VIVENDAS E DOTACIÓNS. Como consecuencia da aplicación dos criterios antes expostos, o resultado é que todo o que o POL ten de laxo e desproteccionista en relación á enerxía, industria pesada, acuicultura, recheos, infraestruturas, eucaliptización e ao DPMT SE converte en rigor extremado e desproporcionado en relación á edificación residencial, dotacional e comercial, grande parte moi lonxe da costa e fóra dos 500m da Lei e Regulamento de Costas e da Louga. En todo o litoral galego, afecta de xeito grave máis de 50.000 vivendas construídas, a inmensa maioría de paisanos, e a moitos centos de naves comerciais, hoteis e similares, así como un bo número de dotacións: centros educativos, sanitarios, instalacións deportivas, cemiterios, etc.

O PLAN DO LITORAL MANIPULA A REALIDADE E INTRODUCE CACICADAS. O POL contén unha inxente cantidade de aparentes 'erros' que, en realidade, son:

Unha enorme e masiva manipulación intencionada dos datos obxecti-

vos, coa intención de aplicar os criterios aberrantes cos que foi elaborado, violentando así de xeito sistemático, a realidade obxectiva. Edificacións tradicionais que figuran como novas e ao revés, bosques que non son e os que realmente son non están, etc.

Unha numericamente pequena cantidade, mais moi significativa desde o punto de vista da equidade, de modificacións coa finalidade de beneficiar determinados propietarios, de xeito inxusto e arbitrario.

COMO SE XESTOU ESTA BARBARI-DADE?. Esta é a pregunta que xorde sempre cando os veciños se decatan do contido real do Plan do Litoral. Mais a pregunta ten unha dupla, mais bastante clara resposta: por un lado, as directrices políticas foron dirixidas clara e directamente a que o POL non limitase as agresións máis graves; e por outra banda, a campaña de feísmo e as súas consecuencias.

PROHIBIDO LIMITAR AS AGRESIÓNS MÁIS GRAVES. Que os sectores que máis dano fan xa, ou poden facer no futuro, ao noso litoral ficasen excluídos das afectacións do POL, foron ordes políticas claras e expresas do Partido Popular, moitas delas directamente do Presidente Núñez Feijoo. As consignas foron claras e expresas:

Barra libre ao sector enerxético. Non se toque, nin restrinxa ningunha industria pesada. Non se protexa ningunha zona susceptíbel de criar eucaliptos. Non se limite para nada as futuras instalacións de acuicultura, etc.

Se non podían entrar a ordenar e limitar estas agresións, só lles quedaba centrarse na edificación residencial, e para iso existía unha boa coartada.

O PLAN DO LITORAL COMO SUPUESTO LÁTIGO DO FEÍSMO. Por un lado, o POL nace como consecuencia daquela campaña de hai arredor de 9 anos sobre o feísmo, a levantización e, inclusive, marbellización



da costa galega. Todo se ía en cargar a man no mal gusto dos galegos e na importación de problemas que na Galiza non existían, cando menos na intensidade e formas que teñen no Levante peninsular. A mentalidade de autoodio de sempre: os galegos temos os nosos problemas, mais se hai unha desgraza noutro lado, aquí tamén a temos que ter, se acaso aumentada, aínda que ningunha realidade obxectiva sostiver tal afirmación.

O propio POL contén uns datos moi clariños sobre o limitado da ocupación do litoral por expansión urbanas ou urbanizadoras. Xa lles daba igual: o prexuízo xa estaba interiorizado e as conclusións estaban feitas de antemán, aínda que non corresponden co diagnóstico do documento. O problema introducido pola campaña de feísmo era a edificación residencial, comercial e de servizos aos veciños e, en consecuencia, o POL ataca estes sectores dun xeito desproporcionado, inxusto, sen piedade.

Preséntasenos unha imaxe bucólica dunhas costas que deben ser resgardadas das agresións do feísmo, apelando a nosa lóxica identificación coa nosa paisaxe, co fin de lavar a cara do que realmente están a facer ao favorecer proxectos de lucro económico particular que son de grande impacto estético, ecolóxico e medioambiental como acontece con enclaves como o de ENCE



Os mesmos que acusan de feísmo aos galegos son os que introducen en nós machaconamente valores ou elementos alleos que deturpan o equilibrio e coherencia da imaxe das nosas tradicións culturais e estéticas

Por se acaso, non se esqueceu da propiedade das grandes bolsas de soares e urbanizacións; as máis aberrantes, as que repugnan a máis mínima sensibilidade ambiental e aínda se pode parar, esas, precisamente esas, quedan liberadas polo Plan do Litoral. As casas e pisos dos paisanos son as que sofren toda a ira xusticeira do POL, convertido en espada flamíxera que vai erradicar o feísmo e a levantización do noso litoral. En resumo: máis de 50.000 vivendas afectadas, mais as urbanizacións máis agresivas libres de protección.

Só a intensísima colonización mental adobiada con unha desvariada base teórica de 'sustentabilidade' europeo-levantina de urbanización con campo de golf incluído, pode xerar enxendros deste calibre.

SOBRE A SUPOSTA INVASIÓN DAS COMPETENCIAS MUNICIPAIS. Existe unha liña argumental en contra do POL que se centra basicamente no fei-

to de constituír unha agresión á autonomía e as competencias municipais. Pode ter algo ou bastante de certo, mais ollo co argumento, que coincide co rancio pensamento de que as Autonomías son malas e que as competencias do Estado e dos Concellos son as boas e as que deberían funcionar.

Por outro lado, esta acusación é moi recorrente e foi usada varias veces en contra de actuacións nosas na Xunta, nalgún caso con tanto base como a que podería haber agora co POL.

En todo caso, o problema central non é esta suposta invasión de competencias municipais, senón a tremenda agresión que supón o POL, polos criterios cos que foi elaborado, na versión definitiva polo PP, mais coa aquiescencia do PSOE.

PACTOS ABERTOS E PÚBLICOS, ESCURANTISMO CARA AOS VECIÑOS.

O Pacto polo territorio entre o PP e o PSOE, no que está incluído o POL, fraguado a través da FEGAMP e no Parlamento, puido coñecelo todo o mundo, porque foi feito á luz pública. Con este aval, o Goberno do PP esforzouse en facer un documento de moi difícil lectura para o público; a intención era que pasase absolutamente desapercibido. Cando as queixas por esa intencionada ocultación foron medrando, viñeron cun cambio de 'cores' na cartografía que o único que fixo foi convertela xa nun absoluto galimatías. En vez de facer máis fácil a comprensión, o único que pretendeu foi transmitir a sensación de que non afectaba o que, na realidade, si prexudicaba o POL.

Ao descubri-lle a clara intención escurantista, a irritación do Concelleiro Agustín Hernández foi de tal calibre que, na tribuna do Parlamento insultou directa e gravemente os alcaldes nacionalistas de Poio e Pontevedra polo simple feito de organizar charlas públicas para dar a coñecer aos seus veciños o contido do Plan de Ordenación do Litoral.

SÓ O BNG FIXO FRONTE Á AGRESIÓN DO POL. Fronte a esta clara



Mentres o PP avanza sen timoratismos no seu duplo deseño de entregar o país ao grande capital e negar a nosa identidade, a progresía atópase moi incómoda cando ten que defender claramente a nosa nación

agresión ao noso territorio por parte do Partido Popular, avalada polo PSOE, os sectores supostamente máis 'conscienciados', 'ecoloxistas', 'progres', etc, prefiren non asumir a evidente realidade que teñen diante e buscan fuxidas do tipo 'é moi complexo', 'mellor algo que nada', 'non nos podemos opor por principio a un instrumento de protección', 'algo terá de bo'... Da experiencia de dúcias de charlas públicas, tirei unha constatación clásica e evidente: son os sectores máis populares os que albiscan máis claramente o perigo, os que non teñen reparo en se oporen a esta tremenda agresión e asinaren ou exerceren as medidas procedentes para evitala.

En definitiva, mentres o PP avanza sen timoratismos, coa complicitade do PSOE, no seu duplo deseño de entregar o país ao grande capital e negar a nosa identidade, a progresía atópase moi incómoda cando ten que defender claramente a nosa nación e a nosa identidade. Difícil aliado temos neses sectores, mais si podemos ter unha inmensa potencialidade nos sectores máis populares; un reto do nacionalismo organizado será exploralas a fondo, freando así as agresións do Partido Popular e do PSOE, conscienciando a nosa sociedade na defensa da nosa identidade e dos nosos intereses colectivos.

VAISE ROMPER O PACTO PP-PSOE SOBRE O POL?. As continuas afirmacións do Conselleiro de que o POL non é realmente o que está na documentación, que é outra cousa que non dá explicado, que nin el mesmo sabe

ben o que é, mais que é outra cousa diferente ao que trae o documento, sementan dúbidas de cal vai ser a súa actitude no futuro. A tranquilidade que lle daba a suposición de descoñecemento por parte dos afectados, e o apoio do PSOE, para perpetrar esta agresión, deixou de existir, ao transcender o contido do POL da man do BNG, e ante os continuos cambios de opinión dos 'socialistas' sobre outros asuntos pactados co PP.

A pasividade e complicitade do PSOE nesta fase de consultas do POL que acaba de rematar non é ningunha garantía de que non vaia mudar de chaqueta e, como fixo co da lingua, pase de apoiar a manifestarse radicalmente en contra.

Como nos temas aos que fixemos referencia ao principio, o que parece bastante previsíbel é que algún deles se vaia desmarcar do acordo. O que non sabemos, nin é demasiado predicíbel, é cal deles será: se o PP, pola vía de cambiar absolutamente o contido do POL ou de deixalo hibernar; ou o PSOE, pasando do seu apoio incondicional á oposición frontal, como fixo co Decreto da lingua.

En todo caso non ten maior importancia, o que temos que facer é seguir a nosa política e que os outros se posicionen –mellor dito, se reposicionen– desfacendo o acordo que teñen, segundo lles pareza. Asta grave agresión contra o noso territorio e a nosa forma de nos relacionarmos con el, esta agresión do POL, hai que parala ■

Nenas participando no "Correlingua", optando por empregar simboloxía propia e que faga patente a nosa peculiar maneira de estar no mundo, visibilizando unha realidade específica como é a nosa